

CAMPAÑA EN MONTERROSO, SEN IR MÁIS LONXE

NADAL 2022

A campaña de cara ao público desenvolverase do 17 de decembro ao 8 de xaneiro. Poderán participar todos os comercios, hosteleiros e perruquerías inscritos con anterioridade na campaña **"EN MONTERROSO, SEN IR MÁIS LONXE"**

Os comerciantes, hosteleiros e perruquerías poderán inscribirse a través do correo electrónico concursos.concello.monterroso@gmail.com antes do xoves, día 15 de decembro indicando Razón Social e teléfono. O día 16 distribuiranse entre os negocios participantes os distintivos e tickets correspondentes, e poderán comezar a distribuilos entre os seus clientes.

As empresas participantes deberán lucir no seu escaparate o distintivo **"EN MONTERROSO, SEN IR MÁIS LONXE"** e entregar aos clientes papeletas seladas cos seus correspondentes tickets de compra (unha papeleta por compra). Sempre que o importe sexa superior a 20 € por comercio ou 10 € perruquerías e hostelería e 5 € en panaderías.

Os establecementos deberán selar ou asinar cada papeleta entregada.

Non se poderán presentar ao sorteo os titulares dos comercios participantes, se son persoas físicas ou se os empresarios son persoas xurídicas, os socios, os seus familiares directos (cónxuxes, ascendentes ou descendentes en primeiro grado) ou os seus empregados, con papeletas obtidas por compras no seu propio establecemento.

Consideranse papeletas válidas as que conteñan todos os datos requeridos para la identificación dos participantes (nome, apelidos e teléfono) para así poder localizalos para realizar a entrega do premio.

O sorteo realizarase os días 23 e 30 de decembro e 9 de xaneiro ás 13:30 no Espazo Cultural Lorenzo Varela e será retransmitido por redes sociais.

Anexo I: Listado de premios

20 Lotes valorados en 50 € cada ún, distribuidos do seguinte xeito:

Sorteos:

- 6 Tarxetas de 50 € o día 23 de decembro
- 6 Tarxetas de 50 € o día 30 de decembro
- 8 Tarxetas de 50 € o día 9 de xaneiro